

EXPEDIENTE:	2024/00004416T
PROCEDIMENTO:	Encargos a medios propios personificados MO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 5 de febreiro de 2024 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación da nova estrutura de prazas da ORA e residentes en distintos emplacementsos.

A proposta é do seguinte teor literal:

ANTECEDENTES

Visto o informe do xerente da empresa municipal que xestiona o servizo de ORA e residentes do Concello de Santiago, TUSSA SA con documento oficial de identificación ESA15692890, de data 30 de xaneiro de 2024, co seguinte contido:

ASUNTO: Estudo zona de residentes e reestruturación prazas ORA.

LIMIAR

Emítese o presente informe en calidade de operadores do servizo do estacionamento regulado do Concello de Santiago.

O presente informe divídese en dúas partes, unha primeira onde se analizará o aparcamento de residentes, incluíndo novas rúas, e unha segunda onde o obxecto e a mudanza e adaptacións de diversas zonas ORA.

Compre entender que os modelos e patróns de mobilidade vixentes son variables, nesa variabilidade converxen infinidade de factores, tanto económicos, ambientais, sociais etc... Xa no ano 2021 fíxose unha actualización, aínda, que, insisto en que dado que os espazos das cidades e a necesidade son cambiantes, o feito de que o Concello conte cun medio propio responsable da xestión directa do estacionamento en superficie, permite a aplicación de novas medidas, así como unha actuación máis áxil que garante un mellor e xusto reparto do espazo público.

1. **Estudo de ocupación e uso das zonas de residentes repartidas ao longo da cidade.**

Unha vez pasado dous anos da implantación dos vehículos de control de estacionamento, e tendo en conta que a súa principal función é a do control das zonas de residentes e aparcamentos express, estamos en condición de facer unha análise pormenorizada, do seu uso, así como a de propoñer actualizacións das mesmas.

A análise pormenorizada, realizouse entre os días 15 de setembro e 15 de outubro do ano 2023, garantindo por tanto unha mostra representativa do uso do

estacionamento fora de períodos vocacionais, non lectivos ou con calquera outra incidencia que alterara a representatividade da mesma.

Complementábase este informe co estudo realizado, que comprende tanto o inventariado das prazas, coma o seu nivel de utilización por horas mañá (09 – 13:00 horas) , mediodía (13:00 a 16:00 horas), tarde (16:00 a 21:00 horas) e noite (21:00 a 09:00 horas).

Así mesmo compre contextualizar que o pasado 16 de outubro o número de tarxetas de residente activas eran de 7.011, das cales 6.367 son por domicilio e 644 por razón de municipio. Estes datos poden ter variado a día de hoxe, pola incorporación de novas solicitudes.

1.1. Respecto á análise por franxas horarias.

Obsérvase en liñas xerais, e a excepción da zona 9 – Santa Marta, a **escasa rotación en zona de residentes en horario diúrno aumentando o índice de ocupación en horario nocturno**. Os datos reflicten que no día a día a rotación ao longo do día é practicamente simbólica en zona verde dado que o sistema ao permitir o aparcar por tempo indefinido, leva á ausencia de rotación en detrimento do resto de residentes da zona.

No horario nocturno non sucede o mesmo dado que ao incrementarse o número de prazas **cobre a demanda existente a día de hoxe**.

Chegados a este punto, e preciso resaltar, que estase a avaliar a situación actual, dado que de seguir a tendencia no incremento de solicitudes, poderíamos chegar a un punto de inflexión que nos leve a un colapso do sistema. Previo a chegar a esta situación, deberíase analizar a concesión de tarxetas, aplicando criterios coma o xeográfico, renda e outros.

Con respecto á zona 9 de Santa Marta, en horario de día, obsérvase que o nivel de ocupación é inferior á media, o que nos leva a propoñer un reaproveitamento das prazas nunha zona de alta demanda pola cercanía co complexo hospitalario do CHUS, cun aparcamento regulado (ORA) de carácter xeral ao longo da xornada de día, e pola noite, a posibilidade de habilitalo como aparcamento de residentes.

Por último, e dada a necesaria integración na malla de estacionamento regulado, compre incluír as seguintes rúas como zonas con dereito a tarxeta de residente:

2. ACTUALIZACIÓN E REESTRUTURACIÓN DE ZONAS DE RESIDENTES.

Evidenciando novamente os cambios en hábitos de estacionamento e patróns de mobilidade, e atendendo ás peticións da cidadanía ao departamento de tráfico e mobilidade, é preciso a inclusión de novas rúas, modificacións de zonas xa existentes reservadas ao estacionamento de residentes, propóñense os seguintes cambios:

- a) Incluír ós residentes da rúa das Oblatas na zona 7 de San Lourenzo, con dereito a estacionar nas zonas reservadas a tal fin.
- b) Da mesma maneira a inclusión da rúa das Trompas na zona 3 de San Pedro.
- c) Dada a forte presión de vehículos provocada pola cercanía do Hospital Clínico Universitario, incluír o barrio de Santo Ignacio de Loyola na zona 9 de Santa Marta, reservando unha parte do estacionamento co que conta a residentes 24 horas (11 prazas), deixando a outra a residentes só de noite (7 prazas).
- d) Neste mesma zona 9 de Santa Marta, está incluída a rúa do Doutor Maceira. Esta rúa, dividida en dous tramos pola avenida de Ferrol, na actualidade conta con estacionamento para os residentes de 12 horas nocturno, na súa parte alta, en fronte ao Instituto, cun total de 38 prazas. Destas prazas, as situadas nas "terrazas" dos números 10 e 14 da rúa, plantexase a súa modificación pasando a ser de residentes 24 horas, cun total de 10 prazas.
- e) Xa na parte baixa, a rúa do Doutor Maceira contempla un estacionamento rexido polo sistema ORA polo día e para residentes pola noite. Despois dun seguimento do estacionamento desta parte da rúa, resultan uns datos de ocupación nocturna escasísimos, polo que o plantexamento para este tramo, é manter a marxe esquerda, no sentido de subida, reservada a residentes desta Zona 9, e na marxe dereita, unha vez finalizada a ORA, se permita o estacionamento libre.

3. ADAPTACIÓN E REESTRUCTURACIÓN DAS ZONAS ORA.

Continuando coa adaptación do servizo de regulación do aparcamento (ORA) iniciado no ano 2021, coa incorporación das rúas Doutor Maceira e a Avda. de Ferrol, compre seguir reformulando os espazos que rodean o núcleo de Ensanche na parte sur do mesmo, así como a ordenación do aparcamento e por tanto a súa regulación no entorno hospitalario.

Esta circunstancia debe impulsar a modificación dos usos en superficie do espazo público, tendendo a establecer "coroas" dentro da propia cidade, que signifiquen unha progresiva "dificultade" para o vehículo privado, primando así outros modos de mobilidade colectiva ou branda. Por exemplo dende a zona sur, xa se estableceu unha área de libre estacionamento como Santa Marta. As rúas da contorna norte do hospital (avda. de Barcelona, Bilbao, rúa Antonio Rama...) neste momento figuran como de libre estacionamento, algo que non parece lóxico dada a situación do estacionamento no recinto hospitalaria, polo tanto, considerase oportuno o regulamento do estacionamento nas rúas confinantes co centro hospitalario, que garante o estacionamento e a súa rotación minorando a carga de vehículo privado en circulación na zona.

No que se refire a parte sur e centro do ensanche, somos conscientes, que o tráfico de éxtase, é un dos principais problemas da mobilidade nas cidades na actualidade. O ensanche foi obxecto dun proceso de humanización dende hai varios anos, con todo, van quedando pequenos espazos a modo de "illas" con aparcamentos que provocan que moitas usuarias do vehículo privado accedan diariamente coa esperanza de

atopar sitio, por iso o máis acaído é ir eliminando as pequenas “illas” que quedan nas rúas máis céntricas unha vez realizadas obras de urbanización e humanización.

Así e de xeito concreto, tras a humanización da parte da cidade mencionada no anterior parágrafo, as rúas república do Salvador e A Rosa, manteñen prazas de ORA, fora do horario de carga e descarga unicamente, o que nos leva a que a procura de estacionamento, provoca que unha vez rematadas as oras de carga e descarga as usuarias busquen estacionamento nesas prazas provocando un aumento de tráfico tanto nas devanditas rúas coma nas que dan aceso ás mesmas. Dada a problemática descrita (aspecto fundamental) xunto coa nula rendibilidade económica fan aconsellable a retirada das prazas ORA e a súa conversión en estacionamentos express seguindo o modelo que se fixo no ano 2017 coa rúa Xeral Pardiñas. Tamén se propón eliminar e retirar de prazas ORA, a situada na rúa Virxe da Cerca, unha única praza, a que se lle dedican recursos tanto persoais como técnicos.

Outra das zonas onde se debe aplicar o sistema de regulación do estacionamento (ORA), e na rúa Camilo Otero (dende o viaducto da RENFE, ata a confluencia con Cornes). Esta rúa presenta unha “anomalía” dado que atravesa o aparcadoiro de longa duración de Pontepedriña, o que se traduce nunha situación contraditoria para os intereses dunha mobilidade áxil, dado que a ambos lados desa rúa se regula o estacionamento e na mesma non. Ademais a incorporación de dito espazo, aumentará as posibilidades de estacionamento para todas aquelas usuarias, que precisen ir ao ensanche sen límite de tempo, tales como traballadoras en xeral, xente que queira acudir ao comercio do ensanche..., o establecerse para a mesma a ORA de longa duración.

4. DESCRICIÓN DA PROPOSTA.

3.1 ESTUDO IMPLANTACIÓN DA ORA NA CONTORNA HOSPITAL CLÍNICO.

O estudo abarca as rúas: Avenida de Barcelona, Antonio Rama, Manuel Caeiro, Avenida de Bilbao, Sempre en Galiza e Valentín Varela Iglesias (entre a rúa da Choupana é Escultor Ferreiro).

A desagregación de prazas por rúas é o seguinte:

AVENIDA DE BARCELONA	110
RÚA ANTONIO RAMA	32
RÚA MANUEL CAEIRO	16
AVENIDA DE BILBAO	43
RÚA SEMPRE EN GALIZA	40
RÚA VALENTÍN VARELA IGLESIAS (entre rúa Choupana é Escultor Ferreiro)	22

ESTIMACIÓN DE PRAZAS	287
PARQUÍMETROS	14
SINAIS VERTICAIS	21
RECADACIÓN ESTIMADA	180.000€/ano

Para chegar á estimación tivemos en conta a recadación dunha zona actual de similares características. As rúas requiren de pintado azul. Tamén se ten en conta a conversión da zona express da Avenida de Barcelona (tres prazas) en zona ORA.

3.2 ESTUDO IMPLANTACIÓN DA ORA, NA RÚA ESCULTOR CAMILO OTERO

A incorporación da Rúa do escultor Camilo Otero – entre Pintor Laxeiro e Manuel Beiras- ao circuito de longa duración ORA “Pontepedriña” supón:

ESTIMACIÓN DE PRAZAS	94
PARQUÍMETROS	2
SINAIS VERTICAIS	6
RECADACIÓN ESTIMADA	45.000€/ano

Para chegar á estimación tivemos en conta a recadación dunha zona actual de similares características. A rúa tamén require de pintado azul e recolocación de 4 parquímetros dos instalados no aparcamento de “Pontepedriña” para mellor desenvolvemento do circuito.

Con respecto aos custos de implantación serían os seguintes:

**PREVISIÓN CUSTO IMPLANTACIÓN ORA
CONTORNA DO CLÍNICO
E ESCULTOR CAMILO OTERO**

Sinalización horizontal	1.500,00 €
Sinalización vertical	4.300,00 €
Repostos parquímetros	15.000,00 €
Ampliación hosting	432,00 €
Obra civil	2.000,00 €
Total	23.232,00 € + IVE

Á vista desta proposta, procede tamén modificar o Anexo I e II da Ordenanza do sistema de ordenación e regulación do servizo da ORA e aparcamento de residentes, para adecualos á ampliación de prazas da ORA e residentes, na contorna do Hospital e na rúa Pastor Horta, coma segue:

-Anexo I

Engadir un novo sector 5 sen rotación obrigatoria:

Incluirá as seguintes rúas:

-Avenida de Barcelona

-Rúa Manuel Caeiro

-Avenida de Bilbao

-Rúa Antonio Rama Seoane

-Rúa Sempre en Galiza

-Rúa Valentín Varela Iglesias (entre Choupana e Escultor Ferreiro)

-Anexo III

Engadir a Rúa Escultor Camilo Otero

CONSIDERACIÓNS

Segundo previsto na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes:

A Xunta de Goberno Local, previos os informes dos técnicos competentes e a proposta do Concelleiro competente en materia de Tráfico e Mobilidade, poderá:

a) Modificar, ben para unha zona concreta ante circunstancias especiais que así o xustifiquen, ou ben para todas as zonas delimitadas de aparcamento ORA no seu conxunto, o horario, a delimitación das zonas, así como as vías e prazas situadas nos distintos sectores de estacionamento limitado. Asemade, poderá tamén realizar ditas modificacións con relación as zonas de residentes.

c) Suprimir ou crear as prazas de estacionamento do sistema ORA para a mellor acomodación do viario os usos e tránsitos rodados e peonís execución de obras en dominio público, traslado de contedores de residuos, etc

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobado as seguintes modificación que afectan o sistema de ordenación e regulación do servizo da ORA, coma segue:

1.- Nova creación das prazas da ORA e Residentes, na contorna do Hospital Clínico, concretamente nas rúas: Avenida de Barcelona, Antonio Rama, Manuel Caeiro, Avenida de Bilbao, Sempre en Galiza e Valentín Varela Iglesias (entre a rúa da Choupana é Escultor Ferreiro).

A desagregación de prazas por rúas será a seguinte:

AVENIDA DE BARCELONA	110
RÚA ANTONIO RAMA	32
RÚA MANUEL CAEIRO	16
AVENIDA DE BILBAO	43
RÚA SEMPRE EN GALIZA	40
RÚA VALENTÍN VARELA IGLESIAS (entre rúa Choupana é Escultor Ferreiro)	22

Total ESTIMACIÓN DE PRAZAS 287

A incorporación da Rúa do escultor Camilo Otero – entre Pintor Laxeiro e Manuel Beiras- ao circuito de longa duración ORA “Pontepedriña” coa creación de 94 prazas.

2.- Supresión da única praza da ORA, na rúa Virxe da Cerca, por non resulta rendible a inversión de recursos persoais e materias, para acadar os obxectivos que se pretenden.

Na rúa da Rosa e República do Salvador suprimir as prazas da ORA e reconvertilas en aparcamento express de 15 minutos

SEGUNDO.- Aprobar as seguintes modificacións nas zonas reservadas ó estacionamento de residentes:

- Incluír ós residentes da rúa das Oblatas na zona 7 de San Lourenzo, con dereito a estacionar nas zonas reservadas a tal fin.
- O mesmo coa rúa das Trompas incluíndoa na zona 3 de San Pedro.
- Incorporar o barrio de Santo Ignacio de Loyola na zona 9 de Santa Marta, reservando unha parte do estacionamento co que conta para residentes 24 horas (11 prazas), deixando a outra parte para residentes só de noite (7 prazas).
- Tamén na zona 9 de Santa Marta, e concretamente na rúa do Doutor Maceira que conta actualmente con 38 prazas de residentes, das situadas nas “terrazas” dos números 10 e 14 da rúa, serán de residentes 24 horas, cun total de 10 prazas.
- Na parte baixa desta mesma rúa do Doutor Maceira, manteranse as prazas reservadas para residentes actualmente na marxe esquerda, no sentido de subida; na marxe dereita, as prazas destinadas a ORA, rematado o tempo

de estacionamento regulado, poderán ser utilizadas libremente, polo que será suprimida a súa condición de prazas reservadas a residentes.

TERCEIRO.- En consonancia co acordado no punto anterior, procede modificar os Anexos I e III:

-Anexo I

Engadir un novo sector 5 sen rotación obligatoria:

Incluría as seguintes rúas:

-Avenida de Barcelona

-Rúa Manuel Caeiro

-Avenida de Bilbao

-Rúa Antonio Rama Seoane

-Rúa Sempre en Galiza

-Rúa Valentín Varela Iglesias (entre Choupana e Escultor Ferreiro)

-Anexo III

Engadir a Rúa Escultor Camilo Otero

CUARTO.- Procederase a publicar estas modificacións na páxina web do Concello, para xeral coñecemento e informar ós cidadáns mediante anuncio nos xornais de maior difusión local, que poderán solicitar o correspondente distintivo para aparcar en zona ORA e en zona de Residentes, sempre que cumpran os requisitos establecidos nos artigos 7, 8 e 9 da Ordenanza do sistema do ordenación e regulación do sistema ORA e aparcamento de residentes.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes modificación que afectan o sistema de ordenación e regulación do servizo da ORA, coma segue:

1.- Nova creación das prazas da ORA e Residentes, na contorna do Hospital Clínico, concretamente nas rúas: Avenida de Barcelona, Antonio Rama, Manuel Caeiro, Avenida de Bilbao, Sempre en Galiza e Valentín Varela Iglesias (entre a rúa da Choupana é Escultor Ferreiro).

A desagregación de prazas por rúas será a seguinte:

AVENIDA DE BARCELONA	110
RÚA ANTONIO RAMA	32

RÚA MANUEL CAEIRO	16
AVENIDA DE BILBAO	43
RÚA SEMPRE EN GALIZA	40
RÚA VALENTÍN VARELA IGLESIAS (entre rúa Choupana é Escultor Ferreiro)	22

Total ESTIMACIÓN DE PRAZAS 287

A incorporación da Rúa do escultor Camilo Otero – entre Pintor Laxeiro e Manuel Beiras- ao circuito de longa duración ORA “Pontepedriña” coa creación de 94 prazas.

2.- Supresión da única praza da ORA, na rúa Virxe da Cerca, por non resulta rendible a inversión de recursos persoais e materias, para acadar os obxectivos que se pretenden.

Na rúa da Rosa e República do Salvador suprimir as prazas da ORA e reconvertilas en aparcamento express de 15 minutos

SEGUNDO.- Aprobar as seguintes modificacións nas zonas reservadas ó estacionamento de residentes:

- Incluír ós residentes da rúa das Oblatas na zona 7 de San Lourenzo, con dereito a estacionar nas zonas reservadas a tal fin.
- O mesmo coa rúa das Trompas incluíndoa na zona 3 de San Pedro.
- Incorporar o barrio de Santo Ignacio de Loyola na zona 9 de Santa Marta, reservando unha parte do estacionamento co que conta para residentes 24 horas (11 prazas), deixando a outra parte para residentes só de noite (7 prazas).
- Tamén na zona 9 de Santa Marta, e concretamente na rúa do Doutor Maceira que conta actualmente con 38 prazas de residentes, das situadas nas “terrazas” dos números 10 e 14 da rúa, serán de residentes 24 horas, cun total de 10 prazas.
- Na parte baixa desta mesma rúa do Doutor Maceira, manteranse as prazas reservadas para residentes actualmente na marxe esquerda, no sentido de subida; na marxe dereita, as prazas destinadas a ORA, rematado o tempo de estacionamento regulado, poderán ser utilizadas libremente, polo que será suprimida a súa condición de prazas reservadas a residentes.

TERCEIRO.- En consonancia co acordado no punto anterior, procede modificar os Anexos I e III:

-Anexo I

Engadir un novo sector 5 sen rotación obligatoria:

Incluría as seguintes rúas:

-Avenida de Barcelona

-Rúa Manuel Caeiro

-Avenida de Bilbao

-Rúa Antonio Rama Seoane

-Rúa Sempre en Galiza

-Rúa Valentín Varela Iglesias (entre Choupana e Escultor Ferreiro)

-Anexo III

Engadir a Rúa Escultor Camilo Otero

CUARTO.- Procederase a publicar estas modificacións na páxina web do Concello, para xeral coñecemento e informar ós cidadáns mediante anuncio nos xornais de maior difusión local, que poderán solicitar o correspondente distintivo para aparcar en zona ORA e en zona de Residentes, sempre que cumpran os requisitos establecidos nos artigos 7, 8 e 9 da Ordenanza do sistema do ordenación e regulación do sistema ORA e aparcamento de residentes.